

EVANXEO

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 16, 5-11

Naquel tempo, díxolles Xesús ós seus discípulos:

– «Agora voume onda o que me mandou e ningún de vós me pregunta: "¿Onde vas?" Ó contrario: porque vos dixen estas cousas, a tristura encheu os vosos corazóns.

Pero eu dígovos a verdade: conenvos que eu me vaia; pois, se eu non me vou, non virá a vós o Paráclito; en cambio, se eu me vou, mandareino onda vós.

E cando veña culpará ó mundo de pecado, xustiza e condena: pecado, porque non cren en min; xustiza, porque vou onda o Pai e xa non me veredes; condena, porque o príncipe deste mundo xa resultou condenado.»